


SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ: “Agrupación de Concellos de Mondoñedo, Abadín, Barreiros, Lourenzá, Pastoriza, A Pontenova, Riotorto, Trabada, Meira e Pol”

Que é o Servizo de Atención Temperá?

É un servizo de carácter público e gratuito que atende á poboación infantil de 0 a 6 anos, ás súas familias e á súa contorna, que ten por obxectivo atender o máis axiña posible as necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos/as con trastorno no seu desenvolvemento ou con risco de pedecelo.



Que ofrece?

- Valoración funcional dos trastornos do desenvolvemento dos/as nenos/as.
- Apoio nas as áreas de desenvolvemento do/a neno/a:
 - Psicomotor
 - Cognitivo
 - Linguaxe e comunicación

- Autonomía
- Social e afectivo
- Servizo de fisioterapia
- Apoio, información, habilitación e formación da familia:
- Orientación ás familias
- Grupos de familias
- Coordinación cos/as profesionais do ámbito social, educativo, sanitario e outros recursos da comunidade.
- Seguimento de casos que non acuden ó tratamento continuo.

Para isto, a Agrupación de Concellos pon á disposición da poboación os seguintes profesionais:

- Educadora Social coas funcións de coordinación do servizo, orientación, habilitación, información e asesoramento axeitado ás necesidades de cada familia para potenciar os progresos nas distintas áreas do desenvolvemento infantil.
- Psicopedagoga coas funcións de valoración funcional, intervir e estimular precocemente nas necesidades dos nenos de 0 a 6 anos, nos ámbitos socio-afectivo, cognitivo, motricidade fina e grossa e psicomotricidade.
- Logopeda coas funcións de valoración, intervención e rehabilitación das alteracións da linguaxe, voz e comunicación en idades temperás.
- Fisioterapeuta con función de rehabilitación e prevención na función neuromotora, desalineacións posturais, complicacións respiratorias e mellora da capacidade pulmonar.

Como se pode acceder ó SAT?

1)Por **derivación pediátrica**

2) Calquera familia residente nos concellos de Mondoñedo, Abadín, Barreiros, Lourenzá, Pastoriza, A Pontenova, Riotorto, Trabada, Meira e Pol, poderá solicitar información e atención no mesmo.

3) Información nos colexios, escolas infantís...

4) Información nos Servizos Sociais dos Concellos.

Como contactar coa Unidade de Atención Temperá?

Chamando ao 982522031

A través do correo electrónico:

atenciontemperamondonedo@gmail.com

Facebook: Atención Temperá Mondoñedo

Acudindo directamente ao servizo situado en :

Av. Bos Aires, 19 (recinto do “CEIP Alvaro Cunqueiro Mora”)

27740, MONDOÑEDO (Lugo)

A localización é a seguinte:



Normativa que regula os Servizos de Atención Temperá:

- [Decreto 183/2013 polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá](#)
- [Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en Atención Temperá.](#)